



Galicia, o Rif e a construción do Outro

26 Xuño, 2019



[David Rodríguez \(https://luzes.gal/author/david-rodriguez/\)](https://luzes.gal/author/david-rodriguez/)

O historiador galego **Dionisio Pereira** recolle en *Escritos africanos. Entre Galicia y el Rif una mirada desde la periferia* (SPCAM, 2019), un conxunto de ensaios escritos en castelán que, alén do prólogo a cargo de **Abdelhamid Raiss**, se organiza en dúas partes diferenciadas.

Na primeira parte, o autor ofrécenos senllos semblantes de tres personaxes españois que mantiveron algún tipo de vencello coa sociedade do Rif desde unha perspectiva civil e humanística e afastada da visión puramente militarista propia da intervención colonial. Trátase do artista, dramaturgo e poeta **Juan Román**, do naturalista **Pius Font i Quer** e do doutor **Federico Molina Martín**. A seguir, Pereira analiza o impacto na sociedade rifeña do fatal naufraxio do navío *Pisces* que, en 1961, levaba a bordo, con destino a Israel, a un importante número de hebreos marroquís. Por último, Pereira debulla —en compañía da súa compañeira **Dolores Varela**, actual directora do Instituto Español Melchor Jovellanos de Al Hoceima/Alhucemas—, a traxectoria, propósitos e proxección futura de dita institución na vida cultural da cidade norteafricana.



Instituto Español Melchor de Jovellanos, en Alhucemas.

Titulada *Gallegos en las guerras del Rif. Paisaje bélico e imaginario anticolonial, 1860-1927*, a segunda parte do libro resultará, pensamos, a de maior interese para o lector galego. Nela Dionisio Pereira cotexa a visión do Rif ofrecida por varios correspondentes galegos destinados na guerra do norte de África coa imaxe producida por tres novelas bélicas escritas tras a intervención militar de 1927: *El bloqueo*, de **José Díaz Fernández** (1928); *Imán*, de **Ramón J. Sender** (1930); e a triloxía *La forja de un rebelde*, de **Arturo Barea** (1941-1946).

Malia tratarse de tres novelas de impronta antibélica, nelas o «mouro» segue aparecendo coma o outro impersoal e cargado de caracterizacións negativas (fealdade, brutalidade...). Invisibilízase o pobo rifeño e preséntase coma carente de calquera motivación sociopolítica ou cultural para resistir a «acción civilizadora» europea, equipárase a violencia entre agresor e agredido e dáselle todo o protagonismo ao soldado español abstracto, «unicultural e unidimensional»; unha construción ahistórica que se compadeecía pouco coa pluralidade cultural e ideolóxica das tropas despregadas. Iso si, as veces que se fai patente a diferenciación sucede —é o caso de Barea— que se presenta aos soldados galegos coma «miserables, fatalistas e resignados [...] bueyes cansinos»; ou, no caso de Sender, mencionando o uso da música e danza do país como elemento de autoafirmación étnica por parte deses soldados, fenómeno que leva a outro soldado non galego a exclamar: «¡El que me diga que los gallegos son españoles, yo le digo que miente!»). As presenzas e ausencias do conflito colonial nestas tres novelas levan a Pereira a concluír que os escritores africanistas españois eran antibelicistas, pero non anticolonialistas.



A presenza de soldados galegos no Rif é avultada e de longa data, pois o continxente era abondoso xa no capítulo decimonónico do conflito, sendo a publicación pioneira en galego *O Vello d'o Pico Sacro* quen narrase as vicisitudes pasadas polas tropas do país baixo o mando de **O'Donnell**. E se ben de procedencia galega foron tamén prebostes do africanismo

militar hispano como **Francisco Franco** ou **Millán Astray**, o certo é que en Galicia foi especialmente forte a resistencia ao recrutamento militar e que aquí se rexistraba o maior número de desertores e prófugos do exército español; cuestións, estas, que, malia redundar aparentemente no tópico do galego medoñento, en realidade estarían a refutar dito tópico.

No que toca á visión de cronistas galegos na fronte, Pereira sinala a **Otero Espasandín** e **Rafael Dieste** coma exemplos das testemuñas silenciosas. Unha actitude, en concreto a de Dieste, que mesmo provocou certa tensión co poeta **Manoel Antonio** —de ideoloxía claramente anticolonial— cando este lle pediu por carta ao rianxeiro que desertase ou se enrolase no exército resistente de **Abd el Krim**. Fronte a estes cronistas silenciosos, Pereira céntrase noutros que, coma **Valentín Paz Andrade**, **Xosé Ramón Fernández Oxea** («Ben-Cho-Shey») e **Manuel Mesejo Campos** («Fray Antón de Laíño»), mandarían numerosas crónicas desde a primeira liña —os dous últimos ocultos baixo pseudónimo para evitar represalias dos mandos militares—. Os tres cronistas tiñan en común a súa cercanía ás Irmandades da Fala, o que leva ao autor a tratar de desentrañar se esa filiación política tamén está presente, dalgún xeito, na forma en que abordaron a realidade rifeña; malia que, como lembra o propio Pereira, o anticolonialismo politicamente articulado apenas si estaba explicitado en determinados sectores do nacionalismo vasco e catalán, non así no incipiente nacionalismo galego.



Xosé Ramón Fernández Oxea, «Ben-Cho-Shey», na casa familiar de Ourense, en 1936.

O autor trata de explicar o desinterese e a toma de distancia do nacionalismo a respecto do conflito colonial africano baseándose na «herencia regionalista, la diversidad ideológica y el carácter fragmentario de las Irmandades». Actitude que desembocará, cando a popularidade da guerra na propia metrópole caia en picado, a xulgar aquel conflito como cousa española, allea; estratexia tamén seguida, por certo, por sectores do catalanismo. Así, dentro das filas do nacionalismo galego o máis abundante será o neutralismo antibelicista, coas excepcións, alén do mencionado Manoel Antonio, da Irmandade ferrolana e de personaxes claramente enchoupados de anti-imperialismo e internacionalismo como **Suárez Picallo** e **Illa Couto**.

Conclúe polo tanto Dionisio Pereira a súa comparativa entre os cronistas galegos e os novelistas españois sinalando que, no caso dos primeiros, si aparece nitidamente o carácter nacional galego diferenciado a través de vías tais como a valorización da confraternidade dos soldados do país, o establecemento dun fondo vínculo emcional cos potenciais lectores na terra ou na emigración americana e facendo que Galicia estivese presente no Rif a base de proxectala, enchoupada de «saudosismo», sobre certos recantos e situacións: a monumentalidade das cidades musulmás, os zocos-feiras, os piñeiros, a música rifeña...

Porén, no que toca á construción do Outro (o outro rifeño, musulmán etc.), os cronistas galegos non presentan diferenzas apreciáveis con respecto aos novelistas españois; o que leva Dionisio Pereira a colexir que «el aparato ideológico y mediático de la metrópolis, apoyado en la secular tradición hispana contrapuesta al mundo musulmán, hizo efecto incluso en los territorios y en las personas para las que el encaje en el Estado español resultaba problemático».

26 Xuño, 2019



[David Rodríguez \(https://luzes.gal/author/david-rodriguez/\)](https://luzes.gal/author/david-rodriguez/)

Luzes